

REQUISITOS PARA A MATRICULACIÓN NO CONSERVATORIO PROFESIONAL DE MÚSICA DE CULLEREDO

Para poder matricularse no Conservatorio Profesional de Música de Culleredo o alumnado ten que cumprir un dos seguintes requisitos:

1. **Matrícula ordinaria.** (ver calendario). O alumnado tivo que estar matriculado no curso anterior neste centro e superar todas as materias do curso na avaliación ordinaria.
2. **Matrícula extraordinaria.** (ver calendario) O alumnado tivo que estar matriculado neste centro no curso anterior e ser avaliado na convocatoria extraordinaria podendo darse os seguintes casos:
 - Grao Elemental e Grao Profesional: que aprobase todas as materias pendentes. Neste caso matricúlase do curso seguinte.
 - Grao Elemental: que teña unha materia pendente. Neste caso matricúlase no curso seguinte e na materia pendente.
 - Grao Elemental: que teña máis dunha materia pendente. Neste caso ten que repetir curso e matricularse no mesmo curso do ano anterior.
 - Grao Profesional: que teña ata dúas materias pendentes. Neste caso matricúlase no curso seguinte e na/s materia/s pendente/s.
 - Grao Profesional: que teña tres ou máis materias pendentes. Neste caso ten que repetir curso e matricularse no mesmo curso do ano anterior.
3. **Matrícula** do alumnado que superou a **proba de acceso ao 1º curso de Grao Elemental ou 1º curso de Grao Profesional**, (ver calendario) . O alumnado tivo que superar unha proba de acceso no presente ano e ter unha puntuación na proba que lle permita obter praza.
4. **Matrícula** do alumnado que superou **probos de acceso** a outros cursos **distintos do 1º curso** tanto en Grao Elemental como en Grao Profesional, (ver calendario). O alumnado tivo que superar unha proba de acceso realizada no centro no presente ano e ter unha puntuación na proba que lle permita obter unha praza no caso de existir vacantes.
4. **Traslado de matrícula** desde outros centros. Previa solicitude e concesión de praza por parte da Xefatura de estudos.

O límite de permanencia en cada curso de grao elemental será de dous anos, sen que o alumnado poida permanecer máis de cinco anos no devandito grao.

O límite de permanencia nas ensinanzas profesionais de música será de oito anos. O alumnado non poderá permanecer máis de dous anos no mesmo curso, agás no sexto curso.